



Concello de A Pobra do Caramiñal

PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO

Expediente	1600/2017
Procedemento	Revisión de oficio de diversos nomeamentos de fillo adoptivo deste Concello.

En data 25 de maio de 2017, o Pleno da Corporación aprobou o inicio do procedemento de revisión de oficio de actos nulos contra varios nomeamentos como fillo adoptivo deste Concello, a saber:

- Nomeamento como fillo adoptivo da vila de D. Segundo M. Durán Casais (acordo plenario de data 31 de xullo de 2008).
- Nomeamento como fillo adoptivo da vila do Ilmo. Señor D. Gerardo Fernández Albor (acordo plenario de data 27 de maio de 2010)

Con ocasión do anterior, o expediente de ámbolos dous nomeamentos foi sometido a un período de información pública por un período de 20 días hábiles (BOP A Coruña nº 203 de data 25 de outubro) durante os cales se habilitaba aos interesados a consultar os mesmos e formular as alegacións que tiveran por pertinentes, se ben non foron presentadas alegacións durante o citado prazo segundo se extrae do certificado da Secretaría municipal de data 24 de novembro de 2017.

Na mesma data, os servizos xurídicos municipais emitiron informe, no cal e en síntese se conclúe que acordos referentes ao nomeamento de D. Gerardo Fernández Albor e D. Segundo Manuel Durán Casais como fillos adoptivos do Concello de A Pobra do Caramiñal non foron adoptados pola maioría necesaria de membros da Corporación, estimándose nulos de pleno Dereito por infracción do artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e debendo ser polo tanto revogados en virtude do disposto no artigo 106 da mesma norma.

En data 27 de marzo de 2018 declarouse a caducidade do procedemento por transcurso do prazo máximo de resolución e se acordou novamente o inicio do mesmo, outorgando un novo período de información pública por un prazo de 20 días hábiles.

En data 28 de maio de 2018 dase traslado ao Consello Consultivo de Galicia do expediente aos efectos de que emita dictame, o cal foi remitido a esta Administración en data 26 de xuño de 2018 e que ven a informar favorablemente a proposta de resolución remitida ao citado organismo.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Por todo o anteriormente exposto, e visto o dictame emitido polo Consello Consultivo de Galicia, fórmulase ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Declarar a nulidade dos acordos plenarios de data 31 de xullo de 2008 e 27 de maio de 2010 referentes ao nomeamento como fillo adoptivo da vila de D. Segundo M. Durán Casais e o Ilmo. Señor D. Gerardo Fernández Albor.

Tal declaración de nulidade atopa a súa xustificación na falta da maioría necesaria de votos para poder levar a cabo a adopción do acordo, ao abeiro do recollido no Regulamento municipal para a concesión de honras e distincións do Concello da Pobra do Caramiñal, no cal no seu artigo 9 establece a necesidade de que tales acordos se adopten por unha maioría de dous tercios do número de dereito de membros da corporación.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Consello Consultivo de Galicia, aos efectos do recollido no artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015, do 18 de xuño), así como a todos os organismos que se vexan afectados pola nulidade dos acordos.